

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA
MAÑÁ, MÉRCORES, 6 DE MAIO DE 2026****PRESIDENCIA****BRUXELAS (Bélxica)**

14,30 h.- O titular do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, sacará unha foto de familia coa delegación española e a presidenta do Comité Europeo das Rexións (CdR), Kata Tüttő, logo de manter unha xuntanza de traballo.

15,00 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, participará, na súa condición de presidente da delegación española do CdR, na apertura do 171º Pleno do Comité e intervirá no ditame *O futuro do desenvolvemento rural despois de 2028*.

Posteriormente, ás **16,05 h.** participará no debate sobre o futuro fondo para os Plans de Colaboración Nacional e Rexional e o novo marco de rendemento.

TURISMO DE GALICIA**O ROSAL (Pontevedra)**

12,30 h.- O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, acompañado pola xerente de Galicia Calidade, Ana Méndez, e o delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, fará entrega do certificado de Galicia Calidade á adegas Vía Atlántica.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**IRIXOA (A Coruña)**

10,30 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, supervisará as melloras de eficiencia enerxética realizadas no municipio ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental non Competitivo.

A CORUÑA

12,15 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, participará na entrega de premios do *VII Certame de Servizo de Escolas de Hostalería*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

20,30 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, asistirá a entrega dos premios *XXV Premios Opinión da Música de Raíz*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL

PONTEDEUME (A Coruña)

11,00 h.- A delegada territorial de Ferrol, Martina Aneiros, visitará unha persoa beneficiaria do Programa de axudas para a adquisición de vivendas da Xunta.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

ALLARIZ (Ourense)

11,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, visitará unha persoa beneficiaria do Bono Nova Oportunidade.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

BUEU (Pontevedra)

10,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, asistirá á demostración do funcionamento do simulador de radio do Sistema Mundial de Socorro e Salvamento Marítimo e participará nas prácticas de extinción de incendios e supervivencia da Escola de FP Marítimo-Pesqueira.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO

10,40 h. aprox.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, responderá no Pleno unha interpelación.

Posteriormente, **ás 12,45, aprox.**, responderá varias preguntas relacionadas coa actividade do seu departamento.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MADRID

12,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, intervirá no debate dunha moción sobre o Regulamento de Costas na Comisión Xeral das Comunidades Autónomas do Senado (rúa Bailén, 3).

LEIPZIG (Alemaña)

10,45 h.- O director do Instituto de Estudos do Territorio, Enrique de Salvador, participará na reunión internacional de socios do proxecto *Green Infrastructures for Forest and Trees* (GIFT).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

SANTIAGO DE COMPOSTELA

09,30 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, inaugurará as *III Xornadas Científicas* do Colexio Ramón Cabanillas.

SAN CAETANO

11,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado polo director xeral de Centros e Recursos Humanos, Jesús Álvarez, asinará un convenio de colaboración coa decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, María Rosa Álvarez.

11,30 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, será entrevistado polo alumnado de 4º e 6º de Primaria do Colexio San Fermín de Vigo.

PARLAMENTO

13,15 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, responderá no Pleno unha pregunta relacionada coa actividade do seu departamento.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

10,00 h.- O secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez, asistirá ao *I Simposio de Orientación e Inserción Laboral Universitaria*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ZARAGOZA (Aragón)

10,30 h.- A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, participará nas xornadas *Liderado para a modernización do sistema educativo*, organizadas polo Observatorio Nacional de Educación Dixital.

A CORUÑA

10,45 h.- A directora xeral de Formación Profesional, Eugenia Pérez, visitará a empresa NTT Data, que colabora coa FP Dual Intensiva en materia de IA e Big Data.

11,45 h.- A directora xeral de Formación Profesional, Eugenia Pérez, visitará a panadería Pan e Canela, constituída no viveiro de empresas do Centro Integrado de FP Paseo das Pontes.

12,30 h.- A directora xeral de Formación Profesional, Eugenia Pérez, asistirá ao *VII Certame de Servizo Estrella Galicia Escolas de Hostalaría*.

VIGO

10,20 h.- A directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, impartirá a conferencia *Liderando a biotecnoloxía desde Galicia* no marco Galicia Biodays. Posteriormente, **ás 10,40 h.**, intervirá na inauguración do evento.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

PARLAMENTO

13,00 h. aprox.- A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, responderá unha pregunta oral no Pleno sobre a gratuidade no primeiro ciclo de educación infantil.

13,20 h. aprox.- A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, responderá unha pregunta oral sobre o modelo residencial do Goberno galego.

13,40 h. aprox.- A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, responderá unha pregunta oral no Pleno sobre o centro de día Atalaia de Vigo.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

CAMBADOS (Pontevedra)

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

12,00 h.- O conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, e a conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, renovarán o convenio de colaboración para a modernización tecnolóxica no ámbito do medio mariño.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

SAN CAETANO

10,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto ao secretario xeral de Vivenda e Urbanismo, Heriberto García Porto, informará en **rolda de prensa** sobre a situación dos afectados polos Proxectos de Interese Autonómico (PIA) que a Xunta está a tramitar para desenvolver solo residencial nas principais cidades.

BOQUEIXÓN (A Coruña)

12,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, asinará co alcalde de Boqueixón, Ovidio Rodeiro, o convenio para a execución dunha actuación ao abeiro do Plan Hurbe.

SAN CAETANO

16,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, manterá unha reunión de traballo co alcalde de Castrelo de Miño, Avelino Pazos.

SAN XOÁN DE RÍO (Ourense)

11,00 h.- A directora xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, manterá unha reunión co alcalde de San Xoán de Río, José Miguel Pérez, para informar sobre os avances no Plan Básico Municipal do concello.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

PARLAMENTO

11,20 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, responderá no Pleno unha interpelación sobre a atención sanitaria en primaria.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

13,50 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, responderá no Pleno unha pregunta sobre o centro de saúde do Porriño.

14,00 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, responderá no Pleno unha pregunta sobre o Centro Integral de Saúde de Ourense.

MONFORTE DE LEMOS (Lugo)

12,00 h.- O xerente do Servizo Galego de Saúde, José Ramón Parada, xunto co xerente da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, Ramón Ares, e a directora do distrito sanitario de Monforte de Lemos, Inmaculada Ramos, participarán no acto conmemorativo do 40 aniversario do Hospital Público de Monforte de Lemos.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**BAIONA (Pontevedra)**

10,00 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, acompañado polo director xeral de Patrimonio Cultural, Ángel Miramontes, reunirse co alcalde de Baiona, Jesús Vázquez Almuíña.

O PORRIÑO (Pontevedra)

12,15 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, acompañado pola delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, e o director da Axencia Galega das Industrias Culturais, Jacobo Sutil, participará na presentación do XXIII Festival de Cans.

BOS AIRES (A Arxentina)**Convocatoria en hora local, 22,00 h. en Galicia**

17,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, intervirá co relatorio *A luz de José Suárez: un creado galego universal*, dentro da programación impulsada pola Xunta na Feira Internacional do Libro de Bos Aires.

Posteriormente, ás **18,00 h.**, presentará o faladoiro *Oroza: poeta camiñante*, a cargo de Xabier Romero.

VIGO

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

12,00 h.- A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, participará na inauguración dos encontros *Galicia Biodays 2026*.

CAMBADOS (Pontevedra)

18,30 h.- O director da Axencia Galega das Industrias Culturais, Jacobo Sutil, asistirá ao encontro de finalistas dos Premios Martín Códax da Música.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**PARLAMENTO**

12,00 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, responderá no Pleno unha interpelación relacionada coa actualidade da Consellería. Posteriormente, ás **14,10 h.**, responderá unha pregunta.

MUROS (A Coruña)

17,00 h.- O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández, participará no acto organizado pola Fundación Fundamar co gallo do inicio do programa de exercicios terapéuticos dirixido ás agrupacións de marisqueo a pé.

ALLARIZ (Ourense)

10,15 h.- A directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño, tomará parte no *Investor Tour* no marco do evento de emprendemento *The Way Startup Summit 2026*.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**TABOADA (Lugo)**

10,30 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada polo delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitará a explotación gandeira Cadahías de San Julián, á que pertencen as reses rescatadas tras precipitarse por un barranco na beira do Miño.

LAZA (Ourense)

13,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, comprobará as actuacións en materia de prevención de incendios que está realizando o persoal do Distrito XIV Verín-Viana.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

VIGO

10,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, acompañada pola delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, participará na presentación do libro *Vigo, un lugar no mundo*, do escritor Javier Ferreiro e do fotógrafo Manuel Cortizo.

BAIONA (Pontevedra)

11,30 h.- O presidente de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez, asistirá á presentación do bosquejo do mural para o peirao da Doca.

Saúdos do Gabinete de Comunicación da Xunta de Galicia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

